

## A CONSTRUCCIÓN DE XÉNERO: FORMAS DE VIOLENCIA INVISIBILIZADAS NA VIDA PERSOAL E PROFESIONAL

Universidade de Vigo -  
Registro Xeral

Saida Nº. 201600001085  
22/01/2016 10:04:18

O Plan de Formación 2016 para o persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade de Vigo pretende ofrecer unha formación, cun preeminente enfoque práctico, que responda ás necesidades reais das traballadoras e dos traballadores, procurando que os coñecementos e habilidades que adquiren coa realización das actividades formativas sexan aplicables dunha forma directa e inmediata aos seus postos de traballo.

A formación en igualdade engloba entre os seus obxectivos o de facer visibles os impedimentos que aínda persisten para acadar un verdadeiro equilibrio entre mulleres e homes, e levados a un contexto máis inmediato no eido da xestión universitaria, serviría para atopar fórmulas e modelos de convivencia onde esa igualdade sexa real e efectiva, nunha perspectiva transversal aliñada cara unha práctica profesional de calidade.

Sendo así,

**ESTA XERENCIA RESOLVEU:** convocar un curso sobre *A construción de xénero: formas de violencia invisibilizadas na vida persoal e profesional*, con suxeición ás seguintes

### BASES

#### **Primeira.- Persoal destinatario.**

O curso diríxese ao conxunto do persoal da Universidade de Vigo, tanto de administración e servizos (PAS) como docente e investigador (PDI).

Inicialmente 12 prazas corresponderán ao PAS e 8 para o PDI; no caso de non cubrirse as dalgún destes colectivos poderán completarse coas solicitudes do outro.

#### **Segunda.- Obxectivos.**

- Identificar as construcións sociais e culturais do xénero.
- Detectar e analizar os privilexios e comportamentos machistas, propios e alleos, que supoñen unha eiva para a igualdade de oportunidades no ámbito profesional.
- Aprender a desmontar as actitudes e prácticas sexistas aprendidas.

- Fomentar a autonomía.
- Facilitar espazos de traballo igualitarios e libres de calquera tipo de violencia.
- Desenvolver habilidades para combater o «machismo encuberto» dun xeito construtivo.

### Terceira.- Desenvolvemento.

Lugar	Datas	Horario
Sala II do edificio Miralles - Vigo	Abril: 4, 5, 6, 7, 11, 12, 13, 14, 18 e 19	08.30 h. - 10.30 h.

1. Duración: 20 horas
2. Número de asistentes por edición: o número máximo de asistentes será de 20, requiríndose un mínimo de 10 para a súa realización.
3. Se a demanda supera ao número de prazas, a selección realizarase consonte a orde alfabética a partir da letra **S** vixente para os procesos selectivos na Comunidade Autónoma de Galicia segundo a resolución da Consellería de Facenda de 29 de xaneiro de 2015 (DOG do 11 de febreiro) e terase en conta ao persoal que, nos últimos dous anos, estea gozando ou gozase dunha licenza de maternidade, dun permiso de paternidade, dunha redución de xornada ou dunha excedencia para o coidado de fillas/os ou familiares (Lei 7/2004, do 16 de xullo-DOG 3/08/04). En todo caso terá preferencia o persoal funcionario/fixo sobre o interino/temporal.

### Cuarta.- Solicitudes.

O prazo de inscrición rematará o 29 de marzo de 2016 debendo efectuarse a través de Bubela, dentro dos cursos ofertados polo Servizo de PAS deberá seleccionar o curso *A construción de xénero: formas de violencia invisibilizadas na vida persoal e profesional*, e por último, premer no botón *Preinscribir*.

No caso de que o horario coincida coa quenda de traballo da persoa solicitante, cómpre, o informe favorable da xefatura ou responsable da unidade correspondente a cumprimentar na solicitude do curso (anexo II) que deberá enviarse no prazo de inscrición ao Servizo de PAS a través do correo electrónico [formacionpas@uvigo.es](mailto:formacionpas@uvigo.es)

## Quinta.- Programa.

- Xénero, poder e privilexios.
- Detección, sensibilización e respostas contra o machismo.
- Autonomía e promoción das relacións de igualdade.

## Sexta.- Profesorado.

*M<sup>a</sup> del Mar Fernández Cendón*, Licenciada en Ciencias Políticas e da Administración e Mestrado Universitario en Estudos de Xénero.

## Sétima.- Control e certificacións.

1. A asistencia será voluntaria e controlárase mediante partes de sinatura ao inicio e final de cada sesión.
2. Rematado o curso, todas aquelas persoas que completasen a totalidade do horario previsto recibirán un certificado de asistencia. A non asistencia, aínda que xustificada, superior ao 20% da súa duración suporá a non expedición do certificado correspondente e se esta é inxustificada suporá a perda do dereito a ser admitido durante un prazo de seis meses a calquera curso que se convoque, agás no suposto de que queden prazas vacantes.
3. As persoas admitidas só poderán renunciar ao curso cunha antelación mínima de dous días hábiles á data de comezo do curso, en caso contrario serán penalizadas segundo se establece no punto anterior.

## Oitava.- Financiamento.

Os custos do presente curso imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 0000421S162.00 "*Cursos de Formación PAS*" na parte correspondente ao PAS.



Vigo, 20 de xaneiro de 2016

Coordenador

Manuel Fernández Jauregui